



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) "PADRE FEIJOÓ" DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 – 2023

Acta definitiva e proposta de contratación

Categoría: Asesor/a psicolóxico (A1)

(Nº Postos de traballo que se convocan: 1)

Visto que concluíu o prazo de dous (2) días hábiles (art. 10 das Bases) para presentar posibles alegacións contra a valoración da proba de coñecementos, no proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de asesor/a psicolóxico (A1) (persoal laboral temporal), polo sistema de concurso – oposición.

Nas instalacións do Concello do Pereiro de Aguiar, sendo as 9:30 horas do día 1 de abril 2022, reúnese o Tribunal cualificador que xulga dito proceso selectivo, estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan a continuación:

Presidente: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretaria: María José Laso Dopazo, administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: Manuel Pérez Nieto, adxunto ó xefe do servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Ourense.
Marina Sara González Soto, asesora xurídica en Asuntos de Urbanismo e Demais Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Primeiro.- Constituído o Tribunal no lugar e data anteriormente expresados, procédese á revisión das alegacións presentadas por Alba Varela Tato (D. 9062), o Tribunal Cualificador por unanimidade ACORDA:

- DESESTIMAR a alegación e/ou reclamación presentada pola dita aspirante en relación coa primeira pregunta de reserva tipo test da proba de coñecementos.
Alegando a aspirante o que copiado literalmente di:

"PRIMERA. PREGUNTA PRIMERA DE RESERVA

1) ¿Cuál es el artículo que la Ley 8/2015 de protección a la infancia modifica en la Ley 1/2004 de medidas de protección integral contra la violencia de género, incluyendo el reconocimiento de los menores como víctimas de violencia de género?

a) Artículo.34

b) Artículo 55

c) Artículo 66

d) Artículo 43

En la plantilla de respuestas aparece como correcta la alternativa C.

MOTIVO DE IMPUGNACIÓN

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (1 para 3)
SECRETARIO - INTERVENTOR
D. 9062
HASH: 9655d207e6af6561c6c8aae4c21651e168



MARIA JOSE LASO DOPAZO (2 para 3)
Administrativo
D. 9062
HASH: 095ca3070b8400a1161346c84aa91109



MARINA SARA GONZALEZ SOTO (3 para 3)
ASESORA JURIDICA
D. 9062
HASH: e6c243684e95877e21f8e8baaaf6



Cod. Validación: 4W3TT3N5C3WC4PMCOE9NP9YJR | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

En el preámbulo de la Ley Orgánica 8/2015, de 22 de julio, de modificación del sistema de protección a la infancia y a la adolescencia, en su apartado VI dice

"Mediante la disposición final tercera se lleva a cabo la modificación de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género [...]"

Por todo ello, resulta necesario, en primer lugar, reconocer a los menores víctimas de la violencia de género mediante su consideración en el artículo 1, con el objeto de visibilizar esta forma de violencia que se puede ejercer sobre ellos"

De acuerdo con el citado preámbulo, ninguna de las alternativas ofertadas en la pregunta sería correcta, por lo que la pregunta debería ser anulada."

O Tribunal Cualificador, en relación coa primeira pregunta de reserva tipo test da proba de coñecementos referida, fundamenta dita desestimación no seguinte:

"A primeira pregunta de reserva está correctamente formulada atendendo ó disposto na Disposición final terceira da Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Establecendo dita D.F. terceira que a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o apartado 2 do artigo 1

Dous. Modifícase o apartado 2 do artigo 61

Tres. Modifícase o artigo 65

Catro. Modifícase o artigo 66

Polo que a resposta correcta é a alternativa C, tal e como figura na plantilla de respostas publicada na sede electrónica e páxina web do Concello do Pereiro de Aguiar.

Ademais, sinalar que as preguntas de reserva soamente serán valoradas no caso de que o Tribunal de Selección anule algunha das preguntas ordinarias do exame, xa que cumpren a función de substituír a calquera outra pregunta ordinaria que resulte anulada seguindo a orde establecida no cuestionario.

No proceso selectivo que nos ocupa non foi anulada ningunha pregunta tipo test da proba de coñecementos referida."

- ESTIMAR a alegación e/ou reclamación presentada pola dita aspirante en relación coa revisión da súa valoración de méritos no apartado de formación, de acordo co disposto no artigo 8º.B) das Bases que rexen o presente proceso selectivo, no relativo á seguinte formación aportada:
 - Curso "Protección de datos en Servicios Sociales. Una guía para profesionales. (22 horas lectivas)"
- DESESTIMAR a alegación e/ou reclamación presentada pola dita aspirante en relación coa revisión da súa valoración de méritos no apartado de formación, de acordo co disposto no artigo 8º.B) das Bases que rexen o presente proceso selectivo, no relativo á seguinte formación:

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



- Curso “Abordaxe de la violencia de género en el sector sanitario (150 horas lectivas)”

O Tribunal Cualificador, fundamenta dita desestimación no seguinte: “Non figura aportada dita documentación no expediente da aspirante Alba Varela Tato (44090624S).”

- DESESTIMAR as alegacións e/ou reclamacións presentadas pola dita aspirante en relación coa revisión da súa valoración de méritos no apartado de formación, de acordo co disposto no artigo 8º.B) das Bases que rexen o presente proceso selectivo, no relativo á seguinte formación aportada:
 - “Formación y preparación del PIR ”
 - “Mediación civil e mercantil”
 - “Prevención de trastorno por Juego de Azar. Guía para profesionales”
 - “Claves e ferramentas para unha atención efectiva á cidadanía”
 - “A innovación no Sector Público”
 - “Lenguaje claro, instrumento de accesibilidad cognitiva para los técnicos de la Administración Local”
 - “Avances en criminoloxía e psicoloxía xurídica”

O Tribunal Cualificador, fundamenta a dita desestimación no seguinte: “A antedita formación non ten relación coas materias propias do posto de traballo (artigo 8º.B) das bases de selección)”

- DESESTIMAR a alegación e/ou reclamación presentada pola dita aspirante en relación coa revisión da súa valoración de méritos no apartado de formación, de acordo co disposto no artigo 3º.c) das Bases que rexen o presente proceso selectivo, que literalmente di:
 “Acreditar a **formación en igualdade de oportunidades** esixida no Decreto 130/2016,
 (...) *Esta formación é un requisito que deben posuír as persoas candidatas para poder presentarse neste procedemento de selección. Esta formación non será obxecto de valoración na fase de concurso.*”

O Tribunal Cualificador, fundamenta dita desestimación no seguinte: “O curso A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento: importancia, vixencia e utilidade na investigación (16 horas lectivas), computouse para completar o referido requisito de acceso de acreditación da **formación en igualdade de oportunidades (200 horas)** esixida no Decreto 130/2016, polo que non pode ser valorado na fase de concurso.”

Segundo.- Conforme ao anterior, o Tribunal cualificador, por unanimidade, acorda publicar a puntuación definitiva do proceso selectivo (suma das cualificacións da fase de oposición e de concurso) e elevar ao órgano competente a PROPOSTA DE CONTRATACIÓN das persoas seleccionadas por orde de puntuación:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAPACIDADE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	MÁSTER OU POSGRADO	COÑECE MENTO LINGUA GALEGA	PROBA DE COÑECE MENTOS	TOTAL PUNTOS
4	Núñez González, Ana María	773€	Si	-	4,00	2,00	1,00	0,00	11,60	18,60
5	Varela Tato, Alba	9062	Si	-	4,00	1,40	1,00	0,00	10,40	16,80
3	Mora Jaureguiakde, María	1626	Si	-	3,80	2,00	0,00	0,00	9,60	15,40
2	González Freire, Mónica	5122	Si	-	4,00	2,00	0,00	0,00	8,80	14,80
1	De Brito Duarte, Casandra	2740:	Si	-	0,00	0,20	1,00	0,00	6,80	8,00



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Terceiro.- O Tribunal cualificador acorda que se faga público mediante anuncio na páxina web do Concello e no Taboleiro de anuncios, o resultado da valoración total do proceso selectivo, tendo en conta as alegacións formuladas, e proposta de contratación da persoa seleccionada.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 10:00 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,

A secretaria,

Os/ as vogais,

MANUEL
VALENTIN
PEREZ NIETO
- 349817045

Firmado digitalmente
por MANUEL
VALENTIN PEREZ
NIETO - 349817045
Fecha: 2022.04.01
12:47:21 +02'00'

